

A Asociación Cultural A Cepa de Cangas está a traballar na edición dun novo libro da colección Poetas Populares de Cangas dedicado a Cecilio Rial, o poeta de Outeiro, de Balea, que faleceu o

12 de decembro do 2000. Baixo o título de Romaría de Soños sairá no seu aniversario na primavera do ano que vén. A obra de Rial foi popular nos entroidos cangueses e hoxe o recorda a súa neta

Fátima Xuncal. O libro pecha o círculo en cuadratura perfecta cos xa publicados de Veleiro de Soños de Pepe Santos, Taberna de Soños de Serafín Graña ou Mar de Soños de Bernardino Graña.

Cecilio Rial, Cecilio de Balea

A Cepa dedica o novo libro da colección Poetas Populares a Cecilio Rial, autor de moitas letras do entroido cangues

FÁTIMA XUNCAL RIAL (*) = Cangas

Cecilio Rial Pérez naceu un 12 de decembro de 1925 no número 133 do Outeiro de Balea (hoxe nº 33) e falece o 27 de abril do 2000. Foi o primeiro de tres irmáns: Cecilio, Ermitas e Pepe. Herdou o nome do seu pai, mariñeiro de profesión que andaba aos polbos. A súa nai Celia traballaba limpando anchoa na fábrica conserveira de Massó. Cecilio estudou na escola de Balea que había preto do Restaurante Simón, na da Cachola, e máis tarde foi ás clases de pago na de Filo, a muller do Ghalo, pero pronto deixou os estudos para poñerse a traballar. Primeiro cumpriu o servizo militar na Escola Naval de Marín onde era moi querido. Levaba as fillas dos tenentes a onde o mandaban e conta a súa irmá Ermitas que cando podía gañaba polos portais, con algún dos seus compañeiros, para ir xunto das mozas. En varias ocasións animárono para que rematado o servizo militar seguira na Escola Naval pero por aquel entón cruzouse na súa vida Amalia, a que sería a súa muller e nai dos seus sete fillos: Manolo, Pucho, Antonio, Barros, Amalita, Raquel e Miguel.

Cando casou foise vivir para o "Barrio Chino"; primeiro viviu nunha casa que queda o comezo da praia da Congorsa e máis tarde cambiou para unha das casas que quedaban a carón do vello campo de fútbol de Massó. Aínda que nos seus comezos traballou de albanel pronto o deixou e empezou a traballar de mariñeiro. Dedicouse á pesca do bonito, foi polbeiro, andou á ameixa e, co seu irmán Pepe, ía á navalla. Máis tarde foi patrón nun dos barcos dos Mariños.

Tivo dúas gamelas: Clorinda e Luz Divina. Unha das veces que foi pescar caeu ao mar e non era capaz de chegar a terra nadando por culpa dese brazo que tiña tan mal. Foi o "Yon", o can que tiña, que o levaba moitas veces con el, o que o arrastrou ata as rochas. Esta era unha das cousas que Cecilio sempre contaba orgulloso do seu can. Era un apaixonado da música. Dende moi novo gustáballe bailar, facer as letras, letrillas como el lle soía chamar, cando acompañaba algunha canción para os carnavales aqueles que facían no Outeiro, onde se xuntaban todas as comparsas. Reuníanse todos alí e logo ían a Santa Marta, e polo Hío e Aldán a buscar ás outras comparsas para acabar de novo no Outeiro todos xuntos. Aqueles carnavales duraban varios días, disfrazados con roupas vellas e con aqueles traxes tan orixinais que se



Cecilio Rial coa súa muller e algúns dos seus fillos nunha imaxe do arquivo familiar.

A parroquia de Darbo

Alto monte do Castelo e o outro en Varalonga desde arriba dese monte á parroquia faslle sombra.

A Darbo e mailo Cunchido a Balea e o Outeiro a san Pedro e a Magdalena a san Roque e o Piñeiro.

A nosa Virxe de Darbo ten tres irmáns que

a vixían os Remedios, os da Alba e a nosa Señora da Guía.

Non hai virxe no mundo que sexa tan milagreira que vixía os mariñeiros vestida de Rianxeira. Ven a xente de moi lonxe camiñando noite e día para chegar a nosa festa o día de Santa María.

facían na casa.

Facía cancións para varias comparsas aínda que logo non participara no Antroido, gustáballe ir escoitalas. Cecilio formou parte da comparsa Os Mariñeiros aínda que a máis importante para el foi a que el mesmo axudou a formar. As Incansables, formada por catorce mulleres. Esta foi a comparsa que levou sempre no corazón. Cando ensaiaban as cancións ao chegar á casa contaba que tanta muller ía a acabar con el porque cando se poñían a discutir eran como feras, provocando as risas de todos; pero sempre recoñecía que tiñan unhas voces moi fermosas. De feito foron convidados ao programa da Televisión de Galicia, dirixido e presentado polo músico Antón Reixa, e chegaron a gravar un disco.

Pero a súa verdadeira paixón era a poesía. Polas noites estando na cama pensaba os seus versos e si algún lle gustaba levantábase e ía a un cuarto onde tiña as súas cousas, aquela mesa redonda na que tantas veces se sentaba a escribir, aquela carpeta azul de cartón onde tiña escrito o seu nome

e que gardaba como un tesouro. Naquel cuarto tiña uns andeis onde gardaba os libros das festas da Romaría de Darbo que tanto lle gustaban e onde publicaba as súas poesías dedicadas á Virxe do Carme do que era tan devoto e ás rapazas que cada ano eran raiñas das festas. Gardaba os libros das festas de San Roque onde tamén escribía todos os anos e onde dedicaba as rapazas que tamén eran raiñas ese ano, vivencias persoais de cando ía a velas, o que sentía e o que significaban para el eses días.

Por mor da súa enfermidade ás veces custáballe aguantar o bolígrafo. Entón esperaba a que chegara a súa neta de estudar e ditáballe os versos que el tiña memorizados na cabeza e ía escribindo



Cecilio Rial.

o que o seu avó lle dicía Pero nin con esas deixaba de escribir. Ás veces sorprendíanse de cómo facía.

Gustáballe dedicar os seus versos aos mariñeiros. Sempre dedicado ao mar cos seus cantos e os seus versos pero tanto lle facía unha poesía á area branca dunha praia como ao alto dun monte. Cecilio escribía o que sentía nese momento o miralas, ao sentilas, gustáballe plasmar eses sentimentos nun cacho de papel e se non tiña un caderno ao lado era igual collía un cacho de almanaque ou o que tivese a man e comezaba a escribir.

Gustáballe dar paseos pola Alameda Vella. Cada vez que baixaba a Cangas daba a súa primeira parada na perruquería do seu amigo

Gelito. Ás veces, ao chegar á casa comentaba algún tema que escoitara e dicía que era bo para unha canción dos carnavales e xa empezaba a maquinar as súas letras. Sempre estaba pendente do que sucedía para despois ver si sería interesante facer unha canción.

Outras das súas paradas era no Bar Celta. Alí tomaba os viños cos seus amigos e moitas veces pedíalles opinión dalgún poema ou canción. Xuntábanse todos ao redor dunha mesa e el comezaba a ler e eles dábanlle a súa opinión e seguramente algunha idea aínda que el niso ía ben sobrado porque ao escoitar moitas das cancións de carnavales as veces preguntábase un de onde saíran esas ideas. Pois sempre que algunha que outra vez dese corro de amigos.

Gustáballe como a todo o mundo ter bos amigos e sempre falaba cun gran cariño do seu amigo Víctor o da Vendimia. Era unha persoa a que lle gardaba un gran aprecio. Tamén lle tiña moito aprecio a Antonio, o home de Soledad, do que era veciño e co que soía subir para a casa despois de dar unha volta. Para chegar á casa aínda facían algunhas paradas para descansar porque a Cecilio doíanlle os pés por mor da súa enfermidade. Falaba do seu gran amigo Pepe O Poeta, ao que lle tiña moito aprecio, e contaba como unha vez fora co seu amigo a Santiago e recibiran un diploma como poetas de Galicia. Xuntábanse Modesto, Ramalles, Pepe o Gallego, Pepe o da Garita, Verísimo o seu fillo o Yayo... recordaban as cancións de cando eran mozos e cantábanas todos xuntos e compartíanas cos seus fillos que herdaron do seu pai o bo cantar.

Era un home moi familiar. Gustáballe ver aos seus fillos xuntos que se levaran ben. Que foran polas tardes á súa casa de Balea a visitalo e que falaran con el. Iso gustáballe moito.

Esa casa, ese cuarto con estantes cheos de libros. Os seus diplomas. Aquela mesa redonda, aquela carpeta azul de cartolina, aquelas sestras debaixo do limoeiro. O son do mar e o aroma das árbores e das viñas rodeando a casa era o que el tanto quería. A súa casa de Balea.

(*) Neta do poeta

Centolla de la Ría
Camaron de la Ría
Langostinos
Bogavante
Rodaballo
Carrillera Ibérica

Albariño, Rioja Crianza
Tarta, Café
Champán, Sidra
Chocolate con Churros
Barra Libre, Cotillón
TRIO MUSICAL

Menú
Comienzo 21:30

DON HOTEL
Cena Fin de Año 2012
HAGA SU RESERVA 986 30 44 00

San Roque 12 CANGAS